

**BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO
CONCELLO DE PARADELA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.**

De acordo co disposto nos artigos 165.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, e o 9.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, formúlanse as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio económico de 2017.

Base 1ª. Normas legais e reglamentarias.

A aprobación, execución e liquidación do orzamento xeral-único, así coma o desenrolo da xestión económica xeral e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, reglamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das corporacións locais, e polas presentes Bases de Execución do Orzamento, redactadas en virtude do disposto no art. 165.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, e o art. 9.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

Base 2ª. Ámbito de aplicación.

De conformidade co establecido no artigo 9.1 RD. 500/90 de 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia do orzamento correspondente ao exercicio 2017 e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

Base 3ª.- Principios xerais.

- Principio de estabilidade orzamentaria. A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos desta Entidade realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

- Principio de sustentabilidade financeira. As actuacións desta Entidade estarán suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira definido no artigo 4 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

- Principio de plurianualidade. A elaboración dos Orzamentos desta Entidade encadrarase nun marco orzamentario a medio prazo, compatible co principio de anualidade polo que se rexen a aprobación e execución dos Orzamentos, de conformidade coa normativa europea.

- Principio de transparencia. A contabilidade desta Entidade, así como os seus orzamentos e liquidacións, deberán conter información suficiente e adecuada que permita verificar a súa situación financeira, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira e a observancia dos requirimentos acordados na normativa europea nesta materia.

- Principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. As políticas de gasto público deste Concello deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin serán aplicadas políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación deste Concello que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Base 4ª. Interpretación.

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Alcaldía, previo informe da Secretaría ou Intervención, segundo proceda.

Base 5ª. Estructura orzamentaria.

O Orzamento Xeral do Concello de Paradelas para o ano 2017 preséntase de conformidade coa estrutura presupuestaria prevista na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

OS CRÉDITOS DO ORZAMENTO GASTOS preséntanse co seguinte detalle:

- Clasificación por Programas: a nivel de GRUPO DE PROGRAMA DE GASTO (3 díxitos) e PROGRAMA DE GASTO (4 díxitos) nos casos que especifica o Anexo I ao abeiro do artigo 4.2 da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

- Clasificación Económica: a nivel CONCEPTO (3 díxitos)

- Non se establece clasificación orgánica.

A conxunción da clasificación por programas e económica, ao nivel do desenrolo indicado, definen a aplicación orzamentaria.

AS PREVISIÓNS DO ESTADO DE INGRESOS distingue entre as operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7) das financieras (Capítulos 8 e 9).

A súa vez, as operacións non financieras subdivídanse en operacións correntes (Capítulos 1 a 5) e de capital (capítulos 6 e 7)

- Clasificación Económica: a nivel CONCEPTO.

Decláranse expresamente abertas, con consignación cero, as partidas desenroladas a nivel de área de gasto e artigo recollidas na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Nos casos nos que, existindo dotación orzamentaria dentro de un ou varios artigos dentro do nivel de vinculación establecido se pretenda imputar gasto a outro artigo do mesmo nivel de vinculación, nos que as contas non figuren abertas na contabilidade de gastos, por non contar con dotación orzamentaria, non será precisa a operación de transferencia de crédito previa, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tal artigo (A, AD ou ADO), haberá que facer constar en lugar visible a Dilixencia “Primeira operación imputable ao artigo”.

Base 6ª. Financiación dos créditos do orzamento.

- Coas operacións correntes a liquidar durante o exercicio que se detallan no Estado de Ingresos correspondente. (Capítulos: 1, 2, 3, 4 e 5).
- Polas operacións de capital que se recollen no Estado de Ingresos (Capítulos 6 e 7).

Base 7ª. Prórroga do orzamento xeral.

Axústase ao regulado nesta materia pola Lei de Facendas e o RD 500/1990, de 20 de abril.

Se ao iniciarse o exercicio económico seguinte non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o anterior ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de inversión que deban concluír no exercizo anterior, ou estén financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse en dito exercicio.

Os créditos para gastos do persoal laboral temporal só se prorrogarán na contía precisa para a cobertura orzamentaria daqueles postos de traballo nos que o contrato non concluíra ao finalizar o exercicio, e para a contratación do persoal que substitúe aos funcionarios e persoal laboral fixo que se atopan de baixa por enfermidade ou disfrutando dunha licenzia ou permiso.

A determinación das correspondentes partidas do Orzamento que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante Resolución da Alcaldía e previo informe do Interventor. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990.

Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no Proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei.

Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

Base 8ª. Vinculación xurídica.

Non poderán adquirirse compromisos por cuantía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos, que deberán destinarse especificamente os fins que cada un ten asignados. A súa vinculación xurídica, de acordo co disposto nos artigos 27 e 28 do Real Decreto 500/90, será a nivel de capítulo e área de gasto.

En todo caso haberá de respetarse a estrutura orzamentaria vixente, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Base 9ª. Modificacións orzamentarias.

As modificacións que poden producirse no orzamento son as establecidas e definidas nos artigos 34 e seguintes do R.D. 500/90, na medida que sexan aplicables os supostos que en cada momento se plantexen.

A tramitación e contido de ditas modificacións axustaranse ao establecido no citado Real Decreto e nas presentes bases de execución, tal e como se indica de seguido para cada unha das modificacións:

a) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.

De conformidade e ao abeiro das normas establecidas no artigo 177 da Lei Reguladora de Facendas Locais, artigos 35 e 38 RD. 500/1990 de 20 de abril.

b) AMPLIACIÓN DE CRÉDITO.

O expediente iniciarase a proposta do Sr. Alcalde e conterà un informe de Intervención no que se especifiquen as partidas que son ampliáveis segundo estas bases, e que se produce polo recoñecemento en firme do maior ingreso sobre o previsto no orzamento, que está afectado a financiar a partida que se pretende ampliar. Á vista do informe, resolverase polo Alcalde a ampliación producida.

A estes efectos enténdese que se produce o recoñecemento en firme do maior ingreso, cando obra en poder do Concello o documento válido polo que a persoa física ou xurídica comprométese a aportar unha cantidade de diñeiro expresamente determinada e especificada, aínda cando o ingreso non se producira na tesourería municipal.

Terán a condición de ampliáveis os créditos que se financien con cargo ao capítulo 1, 2 e 3 de ingresos, é dicir, tanto de impostos directos coma indirectos, coma de taxas, prezos públicos e outros ingresos.

En canto as partidas de gastos ampliáveis serán as referentes a gastos de inversión, tanto nova coma de reposición, das Áreas de Gasto 1, 2, 3, 4 e 9.

c) TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS.

Poderán realizarse transferencias de créditos entre as distintas aplicacións orzamentarias do orzamento, sen alterar a cuantía total de este, cando o crédito dispoñible nelas sexa suficiente para atender as autorizacións de gastos que presenten.

O expediente iniciarase a proposta do Sr. Alcalde, e conterà un informe da Intervención no que acredite a posibilidade de realizar a transferencia por existir crédito suficiente nas partidas que se pretende disminuir.

A resolución sobre as transferencias de crédito proposta corresponde ao Alcalde, agás cando se trate de transferir crédito entre distintos grupos de función, que corresponderá ao Pleno cos mesmos requisitos que na Lei de Facendas Locais se esixen para aprobar o orzamento.

As transferencias de crédito estarán suxeitas as limitacións establecidas no artigo 41 do Real Decreto 500/1990.

d) XERACIÓN DE CRÉDITO.

Poderá xerarse crédito no estado de gastos do orzamento cos ingresos de natureza non tributaria derivados de:

- Aportacións ou compromisos firmes de aportacións, de persoas físicas ou xurídicas para financiar conxuntamente co Concello, gastos que pola súa natureza estén comprendidos dentro dos fins ou obxectivos deste.

- Enxención de bens propiedade do Concello.



- Prestación de servicios.
- Reembolso de préstamos.
- Os impostos derivados de reintegro de pagos indebidos con cargo ao orzamento corrente, en canto á reposición de crédito na correlativa partida orzamentaria.

A xeración de crédito requirirá un expediente donde se acredite de forma suficiente e clara que se produxo o ingreso de natureza non tributaria, ou que existe o compromiso firme de aportación, entendido como o acto ou acordo polo que unha persoa pública ou privada decida financiar conxuntamente co Concello un gasto determinado destinado a cumprimento de fins de competencia municipal, e que se cumpren os requisitos establecidos no Real Decreto 500/90. O expediente será resolto polo Sr. Alcalde.

e) REMANENTES DE CRÉDITO.

A incorporación de remanentes de crédito ao orzamento corrente rexirase polo establecido nos artigos 47 e seguintes do R.D. 500/90.

O expediente iníciase a instancia do Alcalde e nel deberá acreditarse suficientemente a posibilidade da incorporación ao orzamento corrente e o cumprimento dos requisitos que se establecen corresponde ao Alcalde.

A resolución do expediente corresponde ao Alcalde.

As modificacións ao orzamento de gasto que requiran exposición pública producirán efectos dende a data de aprobación provisional, sempre que se efectuará a publicación definitiva no BOP e se incorporará á contabilidade municipal a través do correspondente documento MC e do documento de modificación das previsións iniciais do orzamento de ingresos.

Base 10ª. Fases na xestión do Estado de Gastos.

A xestión dos créditos incluídos nos Estados de Gastos realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do Gasto.
- b) Disposición ou compromiso do Gasto.
- c) Recoñecemento e liquidación da Obriga.
- d) Ordenación do Pago.

Ditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

Con carácter previo procederase á retención do crédito correspondente.

Base 11ª. Acumulacións de fases.

De conformidade co disposto no artigo 165.2 da Lei Reguladora de Facendas Locais e os artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderán acumularse varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo excepto cando se trate de gastos relativos a Operacións de Capital.

Poderanse, presentar, por tanto as seguintes fases:

- Retención de crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC).
- Autorización - Disposición (AD).
- Autorización - Disposición e recoñecemento da Obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que si ditas fases se acordaran en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou Autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia, orixinaria,

delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

Base 12ª. Retención de créditos.

Dentro do importe dos créditos autorizados corresponderá á Intervención Xeral, a retención de créditos en base ás propostas de gasto ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondientes Unidades Xestoras.

Base 13ª. Autorización e disposición ou compromiso de gastos.

Dentro do importe de créditos autorizados no Orzamento da Corporación, a autorización e disposición ou compromiso dos gastos corresponderá, á Xunta de Goberno Local nos termos previstos na Resolución de la Alcaldía de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de 4 de xullo de 2011 e no Acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2011.

Base 14ª. Outras normas sobre execución e liquidación do Orzamento.

1.- O Alcalde cuidará da execución do Orzamento e de que canto nel se establece sea cumprido polos distintos servizos municipais con arranxo ás disposicións en vigor, ás presentes Bases e aos acordos adoptados ou que podan adoptarse polo Concello.

2.- A ordenación de gastos previstos no Plan de Inversións esixirá a incorporación ao expediente da Certificación de existencia de crédito.

3.- A xestión dos gastos de obras, subministros e servizos que superen os 6.000,00 € realizaranse, mediante a acumulación das fases de autorización - disposición nun só acto administrativo que será acordado pola Xunta de Goberno Local, a instancia do servizo xestor do crédito orzamentario.

Nos demais gastos acumularanse as fases de autorización-disposición-recoñecemento da obriga nun só acto administrativo que será dictado pola Xunta de Goberno Local ou pola Alcaldía, segundo a súa contía, quen conservará esta competencia para aqueles gastos que sean de urxente atención, asignacións mensuais dos membros da Corporación, pagas anticipadas, dietas, gastos de locomoción e telecomunicacións, tributos, suministro de enerxía (eléctrica, gasoil e gas) de inmobles e instalacións municipais, combustible a vehículos do parque móvil municipal e aqueles outros repectivos no tempo (gastos financeiros, becas, axudas sociais, etc.).

O documento xustificativo do gasto na realización dunha obra cun Orzamento de execución que sea superior a cincuenta mil euros será a certificación da obra coa relación valorada e a factura correspondente. As certificacións de obra expediranse por un importe non inferior a seis mil euros, salvo a última.

Nos restantes casos de obras, prestación de servizos e realización de subministros, o documento xustificativo será a factura que deberá conter os seguintes requisitos:

- a) Número e, no seu caso, serie.
- b) Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- c) Destinatario, é dicir:



Concello de Paradela

Concello de Paradela
C.I.F. P- 2704200A
Rúa dos Cabaleiros de Santiago, 15
27611 Paradela (Lugo).

- d) Servicio municipal, Concellería ou Área á que fose destinada a prestación.
- e) Descrición da operación e a súa contraprestación total.
- f) Lugar e data da súa emisión.
- g) Entidade bancaria e número de conta a donde transferir o seu importe, no seu caso.
- h) Sinatura da autoridade municipal ou funcionario que acredite a recepción de conformidade.

4.- O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Alcalde cando no expediente tramitado ao efecto se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. En caso contrario, corresponderá ao Pleno.

5.- A ordenación de pagos é competencia do Alcalde, que se acomodará ao Plan de disposición de fondos establecidos, o cual recollerá necesariamente a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

6.- Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos a este Concello dende o 15 de xaneiro de 2015 e en concreto, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:

- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unións temporais de empresas.
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de utilización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

No uso da habilitación legal do artigo 4.2º da Lei 25/2013, do 27 de decembro, estarán excluídas da obriga de facturar electronicamente a este Concello as facturas de ata un importe de 5.000 €, impostos incluídos.

Este Concello establece este importe, incluíndo impostos de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos seus Informes 43/2008, do 28 de xullo de 2008 e 26/2008, do 2 de decembro de 2008 dispón que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Igualmente quedan excluídas das facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que as devanditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de

acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos.

Base 15º.- Límite de gasto non financeiro.

En cumprimento co establecido no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e en coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto regulados na devandita lei, o límite máximo de gasto non financeiro deste Concello, será aprobado polo órgano competente.

Base 16ª.- Prioridade de pago da débeda pública.

En observancia do artigo 14 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e do artigo 135 da Constitución española, os créditos orzamentarios para satisfacer os intereses e o capital da débeda pública deste Concello entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e non poderán ser obxecto de emenda ou modificación mentres se axusten ás condicións da lei de emisión.

Así mesmo, o pago dos intereses e o capital da débeda gozarán de prioridade absoluta fronte a calquera outro gasto.

Base 17ª. Ordes de pago a xustificar.

Non se poderán expedir ordes de pago sen a debida xustificación da obriga a que a mesma se refira.

Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pago "a xustificar", que deberán axustarse ás seguintes normas:

1.- A expedición e execución das ordes de pago "a xustificar" deberá efectuarse previa aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, aportándose informe sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pago e informe da Intervención ao respecto.

Estas ordes non poderán ser superiores a tres mil euros, excepto no caso de compra de inmobles e pagos a intérpretes e artistas.

2.- Os fondos librados a xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta ao efecto, ou ben entregándose en efectivo ou por cheque nominativo ao perceptor.

3.- A xustificación das Ordes de pago expedidas co carácter de "a xustificar" deberán efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio orzamentario.

4.- Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán rendir ante a Intervención conta xustificativa de ditos gastos acompañando facturas e documentos que xustifiquen a mesma. A citada conta coa súa documentación e o Informe da Intervención someterase á aprobación do órgano competente.

Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ó reintegro dos percibidos en exceso, acompañando a dita conta xustificante do ingreso efectuado.

De non rendirse a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor de ditos fondos, de conformidade co

disposto ao efecto na Lei Xeral Presupuestaria. De igual modo procederase contra os perceptores de fondos librados "a xustificar" polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

5.- Só se poderán expedir ordes de pago "a xustificar" cando o perceptor non teña pendiente de xustificar polo mesmo concepto presupuestario fondos librados con este carácter.

Cando se trate de atencións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

Base 18ª. Anticipos de caixa fixa.

Os fondos librados a xustificar co carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

- **Ámbito:** os anticipos de caixa fixa destinaranse exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como dietas, material de oficina non inventariable, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalacións ou outros de carácter similar.

- **Contía:** o total anticipado para atender gastos mediante anticipos de caixa fixa non poderá ser superior a 3.000,00 euros.

- **Para situar os fondos** procederase á apertura dunha conta restrinxida de pagos.

- **Disposición de fondos:** as disposicións de fondos de ditas contas efectuarase mediante cheque nominativo ou transferencias bancarias, autorizada polo habilitado de fondos, sendo responsable dos fondos en todo caso, o habilitado do anticipo.

- **Control:** trimestralmente, e en todo caso nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro e referidos ao último día do trimestre inmediato anterior, acompañando á conta do periodo respectivo, adxuntarase o estado demostrativo do movemento da conta bancaria e o saldo da mesma.

- **Xustificación:** ditas contas seguirán unha tramitación ordinaria, dando lugar as correspondentes ordes de pago das cantidades ás que ascenden cada un dos conceptos, ingresándose o importe total na conta corrente do anticipo. Desta forma repoñeranse os fondos gastados no periodo ó que se circunscribe a conta trimestral. Os fondos non invertidos que, a fin de exercicio, se atopen en poder do habilitado utilizaranse por este no novo exercicio, para as atencións para as que o anticipo se concedeu.

Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipos de caixa fixa, non estarán sometidos a fiscalización previa nos termos fixados no artigo 219.1º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- **Contabilidade e control:** o seguimento contable dos anticipos de caixa realizarase na forma prevista nas regras 34 a 36 da Instrucción do Modelo Simplificado de Administración Local (Orden EHA/4042, de 23 de novembro de 2004).

Base 19ª. Nóminas.

1.- O pago de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, que se cerrará o día 20 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

2.- Todas as nóminas confeccionaranse, divididas nas Seccións actuais ou

naquelas outras que, a xuízo dos responsables de persoal, habilitación de pagos e Intervención, podan considerarse máis adecuadas. Acompañarase un parte das variacións habidas na mesma con relación ao mes anterior para a súa debida fiscalización.

3.- O pago dos haberes efectuarase mediante transferencia á conta e entidade indicada polo perceptor dos mesmos.

Base 20ª. Indemnizacións por razón do servizo.

As indemnizacións por razón do servizo será o sinalado pola normativa estatal aplicable.

Base 21ª. Persoal funcionario.

1.- A contía dos diferentes conceptos retributivos a percibir polo persoal funcionario axustarase ás seguintes normas:

a) O soldo, trienios e pagas extraordinarias que corresponden aos diversos grupos de clasificación con arreglo á Lei 30/1984, percibiranse nas contías sinaladas ao efecto na Lei de Orzamentos do Estado.

b) O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que desempeñe o funcionario, de acordo co catálogo aprobado pola Corporación e a súa contía virá igualmente determinada pola fixada ao efecto pola Lei de Orzamentos do Estado.

c) O complemento específico experimentará o incremento que se dispoña con carácter xeral para as retribucións de funcionarios na Lei de Orzamentos do Estado, e sen perxuízo da reclasificación de determinados postos de traballo con arreglo á normativa vixente.

2.- Poderán ser recoñecidos como gratificacións a efectos retributivos, os servizos extraordinarios realizados para efectuar traballos concretos e específicos, que con carácter excepcional propoñan os responsables de servizos, sen que en ningún caso podan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

Base 22ª. Persoal contratado temporalmente e interino.

Para aqueles supostos de substitucións ou contratacións temporais con duración determinada debidas a circunstancias da produción e/ou consecuencia da sinatura de convenios de colaboración con outras Administracións Públicas que impliquen a contratación de persoal sin vacante na plantilla, rexiranse polas normas laborais aplicables.

Base 23ª. Gastos de locomoción, dietas e indemnizacións.

1.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais disposta pola Corporación, polo seu Presidente ou por outro órgano competente, serán abonados previa presentación dos correspondientes xustificantes se se realización en transporte público.

En caso de utilización de vehículo propio, faranse efectivas as seguintes cantidades:

- Se se trata de membros da Corporación, a razón de 0,24 euros por kilómetro.

- Tratándose de funcionarios estarase ao disposto, en casos similares, para os funcionarios do Estado.

2.- Polo que respecta ás dietas, as correspondentes ao Sr. Alcalde-Presidente e demais membros da Corporación:

- Por dieta enteira sempre que se pernocte fora da residencia oficial, por día con manutención incluída: 180,00 euros.

- Por media dieta, salidas fora da provincia ou cando se ocupe media o máis de media xornada, sempre que se volva a pernoctar en residencia oficial pero que polas circunstancias do servizo se tivera que almorzar fora de aquela residencia: 90,00 euros.

- Por media dieta sin manutención, sempre que se ocupe media xornada: 60,00 euros.

Os gastos por aloxamento e manutención así efectuados requirirán en orden o seu abono facturas ou documentación xustificativa equivalente.

3.- Polo que se refire a indemnizacións, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán as seguintes asignacións:

- Por asistencia efectiva ás sesións do Pleno da Corporación: 100 euros.

- Pola asistencia á Xunta de Goberno Local: 60 euros.

- Por asistencia efectiva ás sesións da Comisión Especial de Contas: 60 euros.

- Por asistencia efectiva a sesións dos órganos colexiados e mesas de contratación, mesas de selección de persoal e reunións sectoriais (previa convocatoria): 60 euros.

- Por substitución do Alcalde-Presidente por ausencia, enfermidade ou delegación temporal: 30 euros/ día.

-Non obstante en todos aqueles casos en que se celebren durante unha mesma mañá ou tarde sesión do Pleno e calquera outro dos supostos anteriormente relacionados e que dan dereito a percibir a dieta correspondente, os membros asistentes percibirán en todo caso unha soa dieta por importe de 100,00 euros.

Base 24ª. Axudas e subvencións Públicas.

1.- As subvencións outorgaranse con carácter xeral baixo os principios de publicidade, concurrencia e obxectividade, desenvolvidos no art. 8.3 da Lei Xeral Orzamentaria e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba Regulamento da Lei 9/2007.

2.- As subvencións, incluso as que figuran nominalmente no Orzamento non xeneran según documento ata que no se otorguen polo órgano competente, e sexa coñecida a súa contía.

Nese momento, tramitarase documento “ADO”, sendo o xustificante do mesmo o certificado de aprobación do gasto. O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do corpotamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

3.- O outorgamento de subvencións, terá carácter voluntario e a Xunta de Goberno Local, ou órgano competente, poderá revocalas ou reducilas en calquera momento. En ningún caso poderán ser invocadas como precedente.



4.- O importe das subvencións concedidas por este Concello, en ningún caso poderán, ailladamente ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos superar o custo da actividade subvencionada.

5.- A xustificación das subvencións realizarase mediante a rendición da conta xustificativa que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. A conta deberá incluír declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención e se o seu custo co desglose de cada un dos gastos incurridos.

Os Gastos acreditaranse mediante facturas, e demais documentos de valor probatorio equivalente coa validez no tráfico xurídico mercantil ou coa eficacia administrativa, polo que non serán aceptados os documentos de “RECIBÍ”. As facturas e demais documentos xustificativos serán orixinais, ou ben presentaranse orixinais e copias para poder estampillar os orixinais e validar as copias, como medio de control da concurrencia de subvencións.

Nas subvencións que conceda o Concello, poderá de xeito absolutamente excepcional, anticiparse o pago ata o 100% do total concedido. O acordo de anticipo, deberá adoptarse polo mesmo órgano que otorgue a subvención previa acreditación no expediente de:

Que non ten subvención concedida en exercicios anteriores pendentes de xustificar.

Que está o corrente das súas obrigas tributarias co Concello.

6.- En todo caso son subvencións con asignación nominativa no Orzamento:

- ADESPA.....	4.200,00 €
- ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PARADELA.....	2.200,00 €
- ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS C.E.I.P SAN MIGUEL.....	1.200,00 €
- ASOCIACIÓN XUVENIL DE CASTRO DE REI DE LEMOS....	1.000,00 €
- AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE VETERANOS DE PARADELA	500,00 €
- C.E.I.P. SAN MIGUEL DE PARADELA.....	1.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS CASTRO DE REI DE LEMOS.....	2.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS PARADELA.....	3.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS TRADICIONAIS E POPULARES PARROQUIAS DO MUNICIPIO, 60 € por Parroquia.....	300,00 €
- FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.....	500,00 €
- SOCIEDADE DEPORTIVA PARADELA.....	6.000,00 €

Base 25ª. Prescripción de dereiros ou obrigas.

Cando se poña de manifesto a necesidade de tramitar expedientes por anulación ou baixa de dereitos e obrigas recoñecidas e liquidadas pertencentes á agrupación de Orzamentos pechados, axustarase ao procedemento seguinte:

- Proposta motivada da Presidencia e Tesouraría.
- Informe de Secretaría-Intervención.
- Resolución de Alcaldía.

Base 26ª. Dereitos de imposible ou difícil recaudación.

Para os efectos de determinar o Remanente de Tesorería consideraranse ingresos de difícil ou imposible recaudación o resultado de minorar a totalidade dos dereitos pendentes de cobro (salvo os compromisos de ingreso doutras Administracións Públicas) nas seguintes porcentaxes:

Descrición	%
Dereitos pendentes de cobro de exercicio corrente	10,00%
Dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores de ata dous anos	25,00%
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados con antigüedad superior a dous anos e inferiores a cinco anos	50,00%
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados con antigüedad superior igual ou superiores a cinco anos	100,00%

Disposición final.

O orzamento aprobado producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2017; os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais e a eles se imputarán os gastos autorizados con cargo aos créditos do orzamento prorrogado, debendo efectuarse os axustes necesarios no caso de que non houbese no mesmo crédito no orzamento prorrogado ou habéndoo, a súa dotación resultase insuficiente, mediante transferencia de crédito para dar cobertura ás operacións.

As modificacións realizadas ata a data manterán a súa vixencia e efectividade, salvo os supostos nos que taxativamente e de forma individual así se determine pola Alcaldía. En tal suposto deberán ser obxecto de anulación que se efectuará pola Secretaría-Intervención mediante listados sen que sea necesario expedir os correspondentes documentos de xestión contable.

Paradela, a 18 de novembro de 2016

O Alcalde,

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Documento asinado electronicamente ao marxe